

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:10 horas do día 9 de agosto de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Óscar Couce Senra en calidade de suplente de Jerónimo Centrón Castaños (asiste a todos os puntos agás o 1 e 11)
D. José Francisco Mourelle Fernández en calidade de suplente de Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 24 de xullo de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 6 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Retírase da orde do día por incidencias na licitación electrónica.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Retírase da orde do día por incidencias na licitación electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 26 de xullo de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 24 de xullo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación HIDROMIÑO, S.L. e C.D.INDEPO, S.L. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. presentou un escrito no que renuncia a xustificar a súa baixa.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 6 de agosto de 2018 a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER VIGO VERTICAL e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras emitiron informes sobre as xustificacións presentadas no que conclúen que non se poden cumprir os requisitos para considerar xustificada a súa baixa.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 26 de xullo de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 24 de xullo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

Durante o prazo concedido, presentou documentación CIVIS GLOBAL, S.L.U. e CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. presentou un escrito no que renuncia a xustificar a súa baixa.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 7 de agosto de 2018 a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER VIGO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



VERTICAL e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras emitiron informes sobre as xustificacións presentadas no que conclúen “*Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais e non telos xustificado:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

c) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 1 de agosto de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 30 de xullo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o anterior licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 7 de agosto de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER VIGO VERTICAL emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe “*se pode por tanto chegar á conclusión de que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal*”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais e non telos xustificado.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) (informe sobre C con proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de agosto de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) (informe sobre C con proposta clasificación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de agosto de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de agosto de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de agosto de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 6 de agosto de 2018:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	95,79
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,87
3	MISTURAS, S.A.	93,00
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	91,79
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,71
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,54
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,31
8	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,02
9	NAROM, S.L.	90,18
10	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,74
11	EXCAV. Y CONSTRUC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	89,00
12	CONSTRUCCIONES RAMON VAZQUEZ Y REINO, S.L.	88,95
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	88,93
14	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	87,06
15	ELSAMEX, S.A.U.	86,31
16	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	85,84
17	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	84,72
18	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	83,52
19	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	81,61
20	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,65
21	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	75,97
22	SESTRAMA IBERICA, S.L.	74,41
23	COPCISA, S.A.	71,95
24	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	68,29
25	CONSERNOR, S.L.	60,18

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.069,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 7 de agosto de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	91,60
2	UTE PRECE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO, S.L.	91,11
3	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,74
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.	86,00
5	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,51
6	PRADO LAMEIRO, S.L.	80,02
7	COPCISA, S.A.	75,98
8	ORECO, S.A.	66,82
9	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	56,48

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

Á vista das actuacións e acordos adoptados por esta Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo de 2018 na que se procedeu, entre outros, a desencriptar os documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e a iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TABOADA Y RAMOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais; tendo en conta o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018 sobre a xustificación presentada así como o previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, segundo o cal “as ofertas ordenaranse por orde decrecente en función da redución do prezo ofertado resultando primeira clasificada a que oferte unha maior redución do mesmo”; por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de xullo de 2018, polo que non se admitiu neste procedemento a HORDESCON, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación electrónica das proposicións esixidos no cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85.507,72 €
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.407,15 €
3	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	89.710,22 €
4	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	96.803,41 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	100.154,20 €
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	100.688,94 €
7	NAROM, S.L.	114.553,05 €

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación criterios subxectivos	Puntuación fórmulas	Total Puntuación
SMG Iberia	21	51,92	72,92
Acelec	6	60,5	66,5

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG Iberia, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 987,46 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG IBERIA, S.L., o día 27 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SMG IBERIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SMG IBERIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 e 29 de xuño de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SMG IBERIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do suministro e instalación dun grupo electrógeno (8.447-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 33.819,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.869,50 euros.*
- b) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía de 24 meses, facendo un total de 4 anos.*
- c) *Propón un grupo electrógeno cunha eficiencia ao 100% de carga de 100% (resultado de dividir a potencia eléctrica á saída pola potencia total absorbida).*
- d) *Propón un incremento das horas de autonomía do grupo electrógeno ao 100% de consumo sobre o mínimo solicitado de 10 horas, o que supón un total de 18 horas.*
- e) *Propón un grupo electrógeno que produce un nivel de ruído a 7 metros de 64 Db.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:57	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA342-CF3B36-CE51D1-KK62W6-QXR7QS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		